

Grao en Enxeñaría Química

ALMUDENA HOSPIDO QUINTANA, SECRETARIA DA COMISIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA DA USC, CERTIFICA, que trala reunión ordinaria celebrada o 18 de outubro de 2024 alcanzáronse os seguintes acordos:

Ratificar os acordos aprobados por vía de urxencia no período comprendido entre o 4 de xuño (data da anterior reunión da comisión) e o día de hoxe.

Aprobar a postura da Comisión Académica en relación coa modificación do Regulamento de matrícula, elaboración e defensa de TFG/TFM da USC; nos seguintes termos.

No caso do GrEQ (plan en extinción), a aplicación da defensa anticipada de TFG implicaría unha modificación da memoria do título algo non asumible para un título en extinción e acreditado por un ente externo como é IChemE. Respecto da defensa ante titor/es, a acreditación IChemE ven de avaliar uns contidos, uns resultados de aprendizaxe e uns procedementos de validación polo que non ten cabida dita modificación.

No caso do GrEQ (2ª edición) e respecto da defensa ante titor/es, a coordinación defende a valía do sistema de avaliación actual (defensa pública ante comité de 3 membros) e avoga polo mantemento da mesma en aras da calidade da educación e da preparación para unha experiencia profesional plena. Respecto do 1º punto, a comisión propoñे autorizar a presentación e defensa do TFG sempre e cando os créditos pendentes de superación sexan créditos optativos e/ou as prácticas externas.

Santiago de Compostela, 18 de Octubre de 2024